



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE SOCIEDADES GALLEGAS DE CUBA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Federación de Sociedades Galegas de Cuba o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2016

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente Convenio para contribuír á adquisición de equipamento informático para os coordinadores das provinciais, da oficina de información e asesoramento de Cuba.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e





a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta.

Segundo establece o Decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas funcións o fomento para a creación, coordinación e mantemento nas principais cidades do exterior nas que así o aconselle o número de persoas residentes galegas, de unidades de atención e asesoramento nos centros galegos. O número de persoas galegas que residían en Cuba a 1 de xaneiro de 2015 era de 36.414 persoas, figurando entre os dez países con maior número de persoas galegas residentes.

A Federación de Sociedades Galegas de Cuba é unha entidade que agrupa a todas as entidades galegas da illa. Dispón de importantes instalacións, constituíndo o centro galego máis importante de Cuba, tanto polo número de persoas que acolle como polos programas de todo tipo que realiza en favor do colectivo de emigrantes galegos e os seus descendentes. A súa sede social está siutada no Palacio do antigo centro Gallego de La Habana, no Paseo de Martí, 458 – (San Rafael e San José). Dentro desa liña está a desenvolver unha importante política social a favor do colectivo de emigrantes galegos e os seus descendentes.

A Federación de Sociedades Galegas de Cuba conta cunha oficina de información creada ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a Secretaría xeral da Emigración e a entidade o 6 de xuño de 2007, coa finalidade de realizar actividades de información, difusión e asesoramento á colectividade galega dos programas e actuacións desenvolvidos a prol dos galegos residentes no exterior e que ven funcionando desde o ano 2007.

Nos últimos anos, dado o notable incremento do número de persoas galegas residentes en Cuba, como consecuencia da aprobación da Lei da Memoria Histórica, do que se derivou un incremento na súa participación nos programas que desenvolve esta secretaría xeral nas demandas presentadas pola cidadanía galega no seu país de residencia, foi necesario que ao labor desenvolvido pola oficina de información de Cuba con sede na Habana se estendera a outros puntos da xeografía cubana permitindo así





prestar un servizo de calidade e proximidade á galeguidade residente en Cuba, así como o desenvolvemento de actividades que contribúan a manter e reforzar os vínculos coa galeguidade cubana e a difusión do noso patrimonio cultural e artístico en toda Cuba.

Neste novo contexto, resulta necesaria a adquisición de equipamento informático para os coordinadores das provinciais da oficina de información e asesoramento en Cuba.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de difundir e promocionar todas as accións e programas destinados á colectividade de galegos asentada en Cuba.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 27 de abril de 2016.

